



## RESUMO DA PROGRAMACIÓN DE 1ºESO DO DEPARTAMENTO DE PLÁSTICA

<b>CURSO:</b>	1ºESO	<b>DEPARTAMENTO:</b>	Plástica
<b>MATERIA:</b>	Educación Plástica e visual	<b>PROFESOR/A:</b>	Cristina López Hevia

<b>1. QUE TEMAS IMOS VER? (Distribución aproximada dos contidos)</b>	
1º TRIMESTRE	<p>Traballaranse os seguintes contidos mínimos:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Manifestacións culturais e artísticas clave ao longo da historia.</li> <li>- Xéneros artísticos e evolución ao longo da historia da arte.</li> <li>- Punto, liña e plano. Forma, cor e textura.</li> <li>- Uso e características das técnicas planas, secas e húmidas e a súa utilidade na expresividade artística.</li> </ul>
2º TRIMESTRE	<p>Traballaranse os seguintes contidos mínimos:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Introducción aos trazados xeométricos básicos: ángulos, triángulos, polígonos regulares e irregulares, teorema de Thales, proporcionalidade, construción dun polígono nun número calquera de partes iguais, elementos notables...</li> <li>- Función informativa, comunicativa, expresiva e estética. A imaxe fixa, secuenciada e en movemento.</li> </ul>
3º TRIMESTRE	<p>Traballaranse os seguintes contidos mínimos:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Imaxe fixa: a linguaxe do cómic. Orixe, evolución e exemplos significativos.</li> <li>- Imaxe secuencial: posibilidades expresivas da fotografía. Orixe, inicios, evolución e características.</li> </ul>
<b>2. QUE E COMO IMOS TRABALLAR? (Desenvolvemento dos contidos))</b>	

Traballaranse os contidos a través de Edixgal e de material fotocopiado que será aportado pola profesora na clase. Os alumnos deberán levar a todas as clases, ademais do seu ordenador Edixgal cargado, un caderno de debuxo, outro caderno para tomar notas, un estoxo provisto de lapis, goma, sacapuntas e bolígrafo, tesoiras, pegamento de barra, lápices de cores, un compás e un xogo de regras. Puntualmente poderase pedir outro tipo de materiais para a elaboración de traballos que así o requiran.

### **3. QUE E COMO IMOS AVALIAR (NOTAS DAS AVALIACIÓNS)?** *(Criterios de cualificación e procedementos de avaliación)*

#### **CUALIFICACIÓN POR AVALIACIÓN:**

O grao de consecución dos criterios de avaliación das distintas unidades da materia establecerase do seguinte xeito:

- a) Mediante entregas de traballos prácticos, dos que o alumnado coñecerá os indicadores de logro. A nota deste apartado será a media aritmética de todos os traballos, valorándose cun 0 os non presentados. Peso porcentual na nota de cada avaliación: 50%
- b) A través de probas teóricas escritas ou a través de Edixgal. Peso porcentual na nota de cada avaliación: 50%

É importante que se cumpran as instrucións dadas polo profesorado en canto a formato, técnicas, materiais, etc., e que os traballos sexan entregados nas datas indicadas, xa que iso será tido en conta na avaliación.

No caso de saír unha nota media (entre a parte teórica e a práctica da materia) con decimais, o redondeo para poñer a nota no boletín farase hacia o número enteiro inferior ou superior segundo o primeiro decimal, por exemplo, un 4,6 (e superiores ata o 4,9) no boletín aparecerá reflectido como un 5 e un 4,4 (e inferiores ata o 4,1) no boletín aparecerá reflectido como un 4. No caso de que un alumno tivera un 4,5 de media, por exemplo, o redondeo faríase tamén hacia a nota máis alta, é dicir, levaría un 5 no boletín.

Dado que a materia é de contidos progresivos no caso de que un alumno non superase algunha das avaliacións sempre terá a opción de recuperala na seguinte, de xeito que o alumno tería sempre opcións de superar a materia ata a 3ª avaliación, a principios de xuño. O alumno que non superase a materia nesta última avaliación poderá facelo nos últimos días do curso a través da entrega de traballos prácticos que non foran entregados durante o curso ou non foran superados, e a través dun de exame teórico final sobre os contidos traballados durante o curso. A media resultante de ámbalas dúas probas será a nota final desta fase de recuperación. O sistema de redondeo será o exposto anteriormente.

**4. COMO SE RECUPERA (DE SELO CASO) A MATERIA PENDENTE DO CURSO ANTERIOR?**

**5. LIBROS**

Nesta asignatura non se utiliza libro de texto.

**6. RECOMENDACIÓNS SOBRE O SISTEMA DE ESTUDO E TRABALLO PERSOAL**

Recoméndase o estudo dos conceptos teóricos traballados na clase durante as semanas previas aos exames ou traballos teóricos. Recoméndase o traballo diario no que atinxe a traballos prácticos que teñan que ir entregando con datas fixadas durante as distintas avaliacións, para non correr riscos a última hora de falta de tempo. Normalmente darase tempo suficiente nas clases para a elaboración dos traballos prácticos. Se algún alumno leva traballo para facer na casa será porque non aproveitou o tempo nas horas de clase.

<b>CURSO:</b>	3º ESO	<b>DEPARTAMENTO:</b>	PLÁSTICA
<b>MATERIA:</b>	Educación plástica, visual e audiovisual	<b>PROFESOR/A:</b>	Cristina Fernández Anllo

<b>1. QUE TEMAS IMOS VER? (Distribución aproximada dos contidos)</b>	
1º TRIMESTRE	<b>Unidade 1:</b> <i>Xeometría plana</i> <b>Unidade 2:</b> <i>Sistemas de representación</i> <b>Unidade 3:</b> <i>Os xéneros artísticos</i>
2º TRIMESTRE	<b>Unidade 4:</b> <i>A percepción visual</i> <b>Unidade 5:</b> <i>O proceso creativo</i> <b>Unidade 6:</b> <i>Técnicas básicas de expresión gráfico-plásticas en dúas dimensións.</i> <b>Unidade 7:</b> <i>Técnicas básicas de expresión gráfico-plásticas en tres dimensións.</i>
3º TRIMESTRE	<b>Unidade 7:</b> <i>Técnicas básicas de expresión gráfico-plásticas en tres dimensións.</i> <b>Unidade 8:</b> <i>Deseño visual e audiovisual</i>
<b>2. QUE E COMO IMOS TRABALLAR? (Desenvolvemento dos contidos))</b>	
<p>Cada unidade comezará con actividades que pretenden detectar os coñecementos previos que os alumnos teñen sobre a materia. procederase a realizar unha exposición dos contidos teóricos da unidade, alternando con actividades para acadar unha boa comprensión da materia. As actividades a realizar serán:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Boletíns de actividades, láminas, ...</li> <li>• Esquema ou mapas mentais das unidades.</li> <li>• Resumos dos contidos das unidades.</li> <li>• Proxectos que aglutinen contidos de varias unidades, ...</li> </ul> <p>Posto que é unha disciplina eminentemente práctica todos os días é obrigatorio traer o material necesario para cada proxecto. Aqueles alumnos que non traían o material, se non está debidamente xustificado, serán amoestados.</p> <p>Nesta materia non se empregará libro de texto, no seu lugar traballarase coa plataforma Edixgal, fotocopias, láminas, ... A maioría das actividades están planeadas a nivel individual, aínda que algunhas poden ter que realizarse en grupo (2-3 membros).</p> <p>Os traballos realizaranse na aula, e deberán ser entregados en man na data indicada, nalgunha ocasión tamén se realizarán traballos de forma telemática e as entregas realizaranse a través de Edixgal.</p>	
<b>3. QUE E COMO IMOS AVALIAR (NOTAS DAS AVALIACIÓNS)? (Criterios de cualificación e procedementos de avaliación)</b>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>Traballos:</b> suporá un 70% da nota da avaliación. Realizaranse en cada unidade diversos traballos na aula que serán puntuados polo profesor de 0 a 10. Ao rematar cada unidade didáctica farase a media dos traballos e esta suporá o 70% da nota final.</li> </ul>	

- **Exames escritos:** suporán un 30% da nota da avaliación. En cada unidade didáctica faranse exames teóricos ou prácticos dependendo da materia dada e a nota media obtida suporá o 30 % da nota final.
- A **nota da avaliación** será a media ponderada das notas de cada unidade didáctica. (os pesos correspondentes atópanse detallados na programación PROENS).
- Faremos unha **recuperación** por avaliación e un exame final no mes de xuño para recuperar as avaliacións non superadas.
- **Cálculo da nota final:** Nota final = 35% da 1ª avaliación + 35% da 2ª avaliación + 30% da 3ª avaliación

#### 4. COMO SE RECUPERA (DE SELO CASO) A MATERIA PENDENTE DO CURSO ANTERIOR?

Non hai alumnado coa materia pendente de cursos anteriores, pero si alumnado coa materia pendente deste curso, que non se pode reflexar na programación de 4º da ESO xa que non existe, motivo polo que se trata nesta programación.

Tal e como figura no Plan de Reforzo para a recuperación de materias pendentes, o alumnado de 4º ESO con Plástica pendente de 3º E.S.O deberá entregar boletíns de actividades e/ou traballos das unidades que correspondan en cada trimestre e que entregará nas datas que figuran neste documento.

Os traballos e boletíns serán corrixidos e ditas correccións serán amosadas e explicadas ao alumnado pendente.

A non entrega de traballos e boletíns no prazo establecido implicará una nota de 0 en dito trimestre.

Cando se trate de traballos e non de boletíns de actividades, o guión do traballo será proporcionado polo profesor ao que lle corresponda o seguimento de materias pendentes. Ditos traballos e actividades serán extraídos dos contidos reflectidos na programación didáctica do Departamento de Plástica para o curso 2022/2023 para 3º.

A nota da materia pendente obtense como unha media das notas obtidas nas diferentes entregas. No caso de que os alumnos non sexan avaliados positivamente na entrega de traballos propostos, deberán facer un exame final previsto para o mes de xuño de 2024.

#### 5. LIBROS

Non se empregan libros de texto nesta materia, traballarase co material colgado polo profesorado na plataforma Edixgal.

#### 6. RECOMENDACIÓNS SOBRE O SISTEMA DE ESTUDO E TRABALLO PERSOAL

Ante o carácter eminentemente práctico da materia recoméndase o alumnado realizar as tarefas de forma progresiva, sen deixar que as tarefas se acumulen para poder asimilar os coñecementos de forma correcta.

Sendo moi importante a entrega das actividades e traballos nas datas determinadas polo profesorado.